

## 1.- EMPRESA ORGANIZADORA DA PROMOCIÓN

A Empresa Picariños Animacion S.L. con domicilio en Rúa 8 de Marzo, 14, baixo, 15320, As Pontes e número identificativo B05271903 organiza con fines promocionales o concurso (en adiante, “a **Promoción**”) de ámbito local, a desenvolver na localidade de As Pontes, para menores de idade de acordo co disposto no apartado de condicións para participar.

## 2. DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

A Promoción iniciárase o día 03/03/2022, e finalizará o día 14/03/2022.

A Empresa resérvase a facultade de non proceder a levar a cabo a acción promocional se para a data reflexada de fin da mesma non se rexistrou unha participación superior a 10 deseños. De igual forma, a Empresa poderá extender a terminación da acción promocional por días, en caso de que se rexistre un número maior do esperado de participacións.

## 3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

É importante suliñar que a participación no Concurso supón a aceptación incondicional e o respecto do disposto nas presentes Bases Legais.

Os requisitos de participación serán os seguintes:

- Poderán participar aquelas persoas que residan en As Pontes, menores de idade, de entre 5 e 16 anos.
- Os datos persoais cos que as persoas participantes cubran o formulario de inscrición deberán ser datos veraces.
- As persoas Participantes só poderán inscribirse unha vez na presente promoción.

A mecánica da Promoción consiste na creación dun debuxo/deseño orixinal para conmemorar a loita das mulleres e o seu empoderamento e participación, para acompañar o lema da mesma:

**“En igualdade, infancia e adolescencia tamén somos referencia”.**

Condicións do deseño/debuxo:

- Será para encaixar nun formato circular de tamaño entre 38mm e 58mm.
- Deberá levar o propio lema insertado no deseño de xeito que non ocupe todo o espazo do debuxo.

- A técnica a utilizar será libre, valorando a orixinalidade e a directa relación co lema e coa temática.

O debuxo vencedor grabarase nas chapas que se repartirá en todos os centros educativos de As Pontes en relación coa data do 8M.

O lugar de presentación dentro do prazo establecido será o seguinte: Entregar o deseño en sobre pechado con nome completo, curso e centro en \_\_\_\_\_ .

#### **4.- CONDICIÓN DA PROMOCIÓN E PREMIOS**

Eléxrase 1 deseño gañador e 1 debuxo suplente, elixidos por un xurado formado por 3 persoas adultas e unha persoa menor en representación do alumnado, e observarase cada debuxo de forma anónima.

A votación realizarase o día 15 de Marzo de 2022.

A persoa gañadora obterá como premio: Que o debuxo se visibilice reivindicando as desigualdades de xénero e a loita pola igualdade efectiva de dereitos, en tódalas chapas que se repartirán polos centros educativos de As Pontes en relación á data do 8M.

A persoa vencedora poderá contactar coa Empresa durante o prazo de 24 horas a contar desde a data na que se anuncie. En caso de que no prazo estipulado non se producise tal contacto procederase a asignar gañador/a á persoa suplente.

A celebración do sorteo, así como a concesión do premio quedan suxeitos á normativa fiscal vixente.

#### **5.- LIMITACIÓNS**

O premio entregado non será transferible nin susceptible de cambios, alteracións ou compensacións a petición das persoas Participantes, non podendo canxearse por calquera outro produto nin por diñeiro.

Picariños Animación S.L. resérvase o dereito, se concorre xusta causa e previa comunicación en legal forma, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta Promoción.

Establécese un prazo de QUINCE (15) días naturais desde a data da concesión do premio, para efectuar calquer reclamación motivada. Picariños Animación S.L. resérvase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características.

## **6.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS**

Non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere inadecuado, que sexan ofensivos, injuriosos ou discriminatorios ou que puideran vulnerar dereitos de terceiras persoas. Tampouco se permitirán comentarios contra un/ha particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Non nos responsabilizaremos dos danos ocasionados polos comentarios que fagan as persoas participantes na Promoción, e que en calquera momento puideran ferir a sensibilidade de outras persoas participantes.

Calquera intento de entorpecer o bo desenvolvemento do Concurso, xa sexa por intervención humana ou mediante un autómatas, dará lugar á descalificación inmediata da persoa participante anulándose a súa candidatura.

## **7.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE**

A título enunciativo, pero non limitativo, non nos responsabilizamos das posibles perdas, roubos, retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiras persoas que podan afectar ó desenvolvemento da presente Promoción, así como tampouco nos responsabilizamos do uso que faga a persoa participante respecto do premio que obteña desta Promoción, e non asume responsabilidade algunha por ningún dano ou perxucio de calquera tipo que puideran sufrir os/as Participantes, gañador/a ou terceiros/as.

Non asumimos a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuito que puideran impedir a realización da Promoción ou o disfrute total ou parcial do premio. En caso de que esta Promoción non puidera realizarse, ben por fraudes detectados na mesma, erros técnicos, ou calquera outro motivo que non esteña baixo o control de Picariños Animación S.L. e que afecte ó normal desenvolvemento do Concurso, reservámonos o dereito a cancelar, modificar, ou suspender a mesma.

## **8.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS**

A Empresa responsable do tratamento dos seus datos é Picariños Animación S.L., con domicilio en Rúa 8 de Marzo, 14, baixo, As Pontes, 15320, A Coruña, e número identificativo B05271903.

Picariños Animación S.L. tómase moi en serio a protección da súa privacidade e dos teus datos persoais. Polo tanto, a túa información persoal conservarase de forma segura e tratarase co máximo coidado.

De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación de estos datos, cada Participante, coa aceptación de estas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación neste concurso sexan incorporados a un ficheiro titularidade de Picariños Animación S.L. para tramitar a participación no concurso e para comunicarlle o premio en caso de que resultase gañador/a.

As persoas Participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces e fanse responsables de comunicar a Picariños Animación S.L. calqueira modificación dos mesmos. Picariños Animación S.L. resérvase o dereito a excluir da presente promoción a toda persoa Participante que facilite datos falsos. Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de Protección de Datos mediante a utilización de ferramentas de seguridade, non pudiéndose responsabilizar a Picariños Animación S.L. de sustraccións, modificacións ou perdas de datos ilícitas.

As persoas Participantes teñen dereito a (i) acceder aos seus datos persoais, así como a (ii) solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión, (iii) solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, (iv) opoñerse ao tratamento dos seus datos e (v) solicitar a súa portabilidade. Os/as Participantes poden exercer todos estes dereitos na seguinte dirección de email [administracion@picariños.com](mailto:administracion@picariños.com) indicando, o motivo da súa petición.

As persoas Participantes poden tamén, enviar a súa petición por correo ordinario á seguinte dirección: Rúa 8 de Marzo, 14, baixo, As Pontes, 15320, A Coruña.

Sen perxuício de calqueira outro recurso administrativo ou acción xudicial, a persoa Participante terá dereito a presentar unha reclamación ante unha Autoridade de Control, en particular no Estado membro no que teña a súa residencia habitual, lugar de traballo ou lugar da suposta infracción, en caso de que considere que o tratamento dos seus datos persoais non é adecuado á normativa, así como no caso de non ver satisfeito o exercicio dos seus dereitos.

A Autoridade de Control ante a que se presente a reclamación informará ó reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación.

## **10.- CAMBIOS**

Reservámonos o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non perxudique ou menoscabe os dereitos dos participantes na Promoción.

## **11.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN**

Estas bases legais rexiranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calqueira reclamación ou controversia que puidera plantexarse en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xuzgados e Tribunais da cidade do Participante.